

ANEXO I PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMBACH

Dirección do proxecto	
Nome: Fermín Navarro Medina	
Enderezo electrónico: fermin.navarro.medina@uvigo.es	
Teléfono: 988 368 823	
Bienio	20 - 22
Número de participantes (máx. 4)	

Título

Os vehículos espaciais de pequenas dimensións para a exploración do sistema solar.
Estudo e ensaios no laboratorio.

Resumo

Dende principios do século XXI, o uso de satélites de pequenas dimensións xeneralizouse para probar tecnoloxía no espazo, para desenvolver proxectos universitarios co estudantado ou para realizar misións moi concretas de observación da terra ou medicións das principais variables do ambiente espacial que afectan aos satélites. Ademais, nun futuro moi próximo, estes satélites pequenos van ser utilizados para aumentar a capacidade científica das misións grandes a outros planetas como Marte ou Xúpiter. Neste proxecto vaise facer unha revisión dos elementos que compoñen un Cubesat, da tecnoloxía asociada a cada un dos subsistemas e exploraranse as vantaxes deste tipo de vehículos espaciais fronte ás naves mais grandes. Ademais do traballo teórico realizaranse probas no “laboratorio espacial”.

Obxectivo

O obxectivo deste proxecto é aprender as bases do funcionamento dos vehículos espaciais de pequenas dimensións.

Plan de traballo

1. Estudo bibliográfico na materia.
2. Análise dun subsistema en particular do vehículo espacial.
3. Probas no laboratorio.
4. Desenvolvemento dun informe técnico.

Actividades complementarias

Realización de visitas aos laboratorios da Universidade de Vigo.